Informe sobre a redacción do artigo 65 do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, relativo á contratación de produtos alimentarios

A versión do artigo 65 do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia que foi sometido a trámite de audiencia contiña esta redacción:

Artigo 65. Contratación pública de produtos alimentarios

"1. Os contratos do sector público autonómico de subministración de produtos alimentarios ou doutros contratos nos que interveñan este tipo de produtos deberán valorar os aspectos sociais, ambientais e de calidade diferenciada, de conformidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE e 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, agás que non sexa posible por causas xustificadas, que deberán constar no expediente de contratación. Para realizar a dita valoración poderanse establecer, entre outros, os seguintes criterios:

a) Sociais, valorándose a utilización de produtos que cumpran algunha das seguintes características:

1º Producidos por cooperativas agrarias;

2º producidos por organizacións que teñan un 50% ou máis de mulleres asociadas;

3º procedentes de empresas que empreguen maioritariamente a persoas con diversidade funcional ou a persoas en risco de exclusión social;

4º procedentes de empresas que cumpran os requisitos do ámbito social establecidos na certificación de sustentabilidade á que fai referencia o artigo 27 desta lei.

b) Ambientais, valorándose a contribución á preservación do medio e á loita contra o cambio climático, a través da minimización das emisións de CO2 á atmosfera nas actuacións de aprovisionamento e transporte de alimentos e, en especial, da utilización de produtos de circuítos curtos de comercialización, frescos e de tempada.

c) De calidade diferenciada, valorándose a utilización de produtos:

1º rexistrados na listaxe europea de denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas; ou

2º con certificación ecolóxica.

2. O Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en razón da natureza do produto, poderá tamén establecer as condicións e os requisitos da valoración das circunstancias sinaladas para a contratación das subministracións dos produtos alimentarios entre os que se incluirán:

a) Establecer unha porcentaxe mínima de alimentos de produción ecolóxica ou de outras figuras de protección da calidade diferenciada, de tempada ou procedentes de circuítos curtos de comercialización ou dunha agrupación ou organización de produtores agrarios.

b) Valorar durante a fase de adxudicación as porcentaxes que se sitúen por encima do requisito mínimo aos produtos ecolóxicos, de circuítos curtos de comercialización, frescos e de tempada.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
T: 981 544 718
sxt.medio-rural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Incluír cláusulas contractuais encamiñadas a reducir ao mínimo os residuos alimentarios e de envases de alimentos.
d) Aplicar criterios de selección aos provedores fundamentados na aplicación de medidas de xestión ambiental adecuadas".

Na tramitación do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, reuniuse o Consello Agrario Galego o día 29.07.2022, e nel expúxose de forma detallada o contido do Anteproxecto de Lei de Calidade Alimentaria de Galicia. A raíz desa sesión, o día 05.08.2022 o Sindicato Labrego Galego (SLG) achegou as súas consideracións ao citado anteproxecto. Entre elas efectuou as consideracións sobor do artigo 65 do anteproxecto:

"Consideración 11. Artigo 65. Contratación pública de produtos alimentarios.

Representa unha oportunidade única de axudar ao desenvolvemento de iniciativas de gran valor social, ambiental... Os parámetros que se valoran parécennos moi relevantes e propoñemos incluír os produtos de proximidade como elemento fundamental. Con respecto á promoción da igualdade, propoñemos que non só se apoie os proxectos de organizacións con un 50% de mulleres, senón tamén aqueles liderados por mulleres ou nas que as mulleres representen un mínimo do 50%. Respecto á compra de produto ecolóxico e local, propoñemos que se mude de ser unha opción a que sexa unha decisión efectiva de incorporación progresiva con uns obxectivos mínimos concretos nun próximo marco temporal determinado".

A Consellería do Medio Rural analizou á consideración citada e concluíu o seguinte:

Na Exposición de motivos do anteproxecto xa se explica a finalidade da regulación da contratación pública, en consonancia co que se expón na consideración 11 da seguinte forma:

"En liña co anterior, seguindo os principios de responsabilidade social e ambiental e as recomendacións da Unión Europea e da FAO, introdúcese a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido durante o seu ciclo de vida e que acheguen beneficios medioambientais e sociais. Así, introdúcense os criterios para que nas compras públicas se favoreza a presenza de produtos frescos, de tempada, ecolóxicos e de calidade diferenciada así como produtos procedentes de empresas que asumen determinados compromisos sociais".

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O artigo 65 do anteproxecto regula a contratación pública de produtos alimentarios que deberán incorporar os aspectos sociais, ambientais e de calidade. En particular, e polo que respecta ás mulleres, este artigo prevé que:

"Para realizar a dita valoración poderanse establecer, entre outros, os seguintes criterios:
a) Sociais, valorándose a utilización de produtos que cumpran algunha das seguintes características:
(...)
2º producidos por organizacións que teñan un 50% ou máis de mulleres asociadas".

Non obstante o anterior, non semella adecuado incluír referencias a criterios non obxectivos ou medibles como o liderado, proposto polo SLG.

No tocante aos produtos ecolóxicos, no anteproxecto xa se introducía a posibilidade de utilizarse, entre outros, o seguinte criterio:
"c) De calidade diferenciada, valorándose a utilización de produtos:
(...)
2º con certificación ecolóxica".

Respecto da previsión dunha regulación sobre a decisión efectiva de incorporación progresiva con uns obxectivos mínimos concretos nun próximo marco temporal determinado, non se considera propia dunha norma con rango de lei, dado a concreción e singularidade da medida proposta, sen prexuízo da súa consideración en materia de contratación.

Así mesmo, na tramitación do anteproxecto, a Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción e Emprego e Igualdade efectuou a seguinte recomendación:

"En relación á contratación pública de produtos alimentarios, recoméndase que o criterio de igualdade sexa recollido nun parágrafo específico e que a aplicación da lexislación de igualdade non só estea centrada no que se trate de produción, na que a organización teña un 50% ou mais de mulleres asociadas, senón que tamén permita o establecemento de outras condicións que promovan a igualdade entre mulleres e homes, como podería ser a aplicación de medidas de conciliación e corresponsabilidade que se caractericen pola súa novidade ou excelencia, a oferta por parte da localidade ou empresas de infraestruturas de coidados gratuítas para todo o persoal, etc".

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Consellería do Medio Rural analizou esta alegación, concluíndo que non era posible aceptala, debido a que, con respecto a estas cuestións relativas á igualdade, conciliación da vida persoal e laboral e corresponsabilidade, xa existe unha normativa específica de contratación, recollida nunha lei sectorial: artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, que indica o seguinte:

Artigo 57. Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico.

"1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluirán entre eles, sempre que estea vinculado ao obxecto do contrato, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

2. Este criterio haberá de valorarse como mínimo co 10% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, debendo motivarse no expediente a atribución dunha porcentaxe menor, que non haberá de ser inferior ao 5 % da puntuación máxima.

3. Para a valoración deste criterio terase en conta a existencia na empresa dun plan de igualdade, ou de conciliación, que contemple as medidas obxecto de valoración e que se aplique á execución do contrato. Para acreditar a existencia e o cumprimento dos plans de igualdade ou conciliación terase en conta, entre outros medios posibles, a existencia de certificados que acrediten estes extremos, como a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outro certificado ou acreditación adecuado para estes efectos. Tamén se considerarán os acordos ou pactos cos traballadores e traballadoras a este respecto ou a inclusión na oferta de medidas de conciliación que se aplicarán na execución do contrato.

4. A puntuación máxima deste criterio desagregarase en función da calidade e intensidade das medidas que se contemplen, podendo ponderarse o sector en que operan as empresas e o seu tamaño, en atención en particular á non discriminación da pequena e mediana empresa".

Á vista deste precepto, non se considera axeitado incluír na Lei de Calidade Alimentaria de novo un criterio relativo á conciliación da vida persoal e laboral, ao ser xa é obrigatorio incorporalo na contratación en virtude da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Sen prexuízo do anterior, e unha vez revisado o texto do anteproxecto, o artigo 65 adecuose con máis rigor á regulación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, consonte co que se indica a continuación:

Convén referirse con maior claridade aos contratos aos que pode afectar o artigo 65, polo que este artigo queda encabezado así no punto 1 da seguinte maneira:

"Os contratos do sector público autonómico que teñan por obxecto a subministración de produtos alimentarios ou aqueles outros contratos de servizos ou de concesión de servizos para cuxa execución sexa imprescindible a utilización deste tipo de produtos".

Desde o punto de vista terminolóxico resulta máis axeitado referirse a 'incorporación' de aspectos sociais, ambientais e de calidade que a 'valoración' e procede modificar o artigo nese sentido.

No punto 2 mellórase a redacción do artigo, contemplando os produtos tanto frescos, como os de produción local comercializados en circuítos curtos. Estes produtos de produción local están definidos no artigo 4 do anteproxecto para garantir a seguridade xurídica dos destinatarios da norma e o define da seguinte forma:
4. jj) "Produción local: aquela que se comercializa á persoa consumidora final nun punto de venda que non dista máis de 100 quilómetros da explotación agraria ou do lugar de desembarco no caso dos produtos sen transformar de orixe agraria ou da pesca, respectivamente, ou da empresa de transformación, no caso dos produtos elaborados. A citada distancia medirase en liña recta sobre o plano".

Por último, considérase axeitado mellorar a redacción da letra b) do punto 2, polo que en lugar de referirse á valoración dunhas porcentaxes prevese a de "valorar durante a fase de adxudicación as ofertas que inclúan unha porcentaxe superior ao requisito mínimo na utilización de produtos ecolóxicos, de calidade diferenciada, frescos, de tempada, da produción local comercializada a través de circuitos curtos ou procedentes dunha agrupación ou organización de persoas produtoras agrarias". É dicir, inclúese unha referencia ás ofertas e á súa valoración.

Tendo en consideración todo o anterior, o artigo 65 do anteproxecto queda redactado como segue:

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 65. Contratación pública de produtos alimentarios

"1. Os contratos do sector público autonómico que teñan por obxecto a subministración de produtos alimentarios ou aqueles outros contratos de servizos ou de concesión de servizos para cuxa execución sexa imprescindible a utilización deste tipo de produtos, deberán incorporar os aspectos sociais, ambientais e de calidade, de conformidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE e 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, agás que non sexa posible por causas xustificadas, que deberán constar no expediente de contratación. Para realizar a dita incorporación, poderanse establecer, como requisitos no prego de prescricións técnicas ou como criterios de adxudicación, sempre que garden vinculación co obxecto do contrato, os seguintes:

a) Sociais, incorporando a utilización de produtos que cumpran algunha das seguintes características:

1º Producidos por cooperativas agrarias;

2º producidos por organizacións que teñan un 50% ou máis de mulleres asociadas;

3º procedentes de empresas que empreguen maioritariamente a persoas con diversidade funcional ou a persoas en risco de exclusión social;

4º procedentes de empresas que cumpran os requisitos do ámbito social establecidos na certificación de sustentabilidade á que fai referencia o artigo 27 desta lei.

b) Ambientais, incorporando a contribución á preservación do medio e á loita contra o cambio climático, a través da minimización das emisións de CO2 á atmosfera nas actuacións de aprovisionamento e transporte de alimentos e, en especial, da utilización de alimentos de produción local comercializados en circuítos curtos, frescos e de tempada.

c) De calidade diferenciada, incorporando a utilización dos produtos seguintes, con suxeición aos requisitos establecidos nos artigos 126 e 145 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público:

1º inscritos nos rexistros europeos de denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas; ou

2º con certificación ecolóxica.

2. O Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en razón da natureza do produto, poderá tamén establecer as condicións e os requisitos para a aplicación do previsto no apartado 1 deste artigo, entre os que se incluirán:

a) Establecer unha porcentaxe mínima de alimentos de produción ecolóxica ou de outras figuras de protección da calidade diferenciada, de produtos frescos e de tempada, de produción local comercializados en circuítos curtos ou procedentes dunha agrupación ou organización de produtores agrarios.

b) Valorar durante a fase de adxudicación as ofertas que inclúan unha porcentaxe superior ao requisito mínimo na utilización de produtos ecolóxicos, de calidade diferenciada, frescos, de tempada, da produción local comercializada a través de circuitos curtos ou procedentes dunha agrupación ou organización de persoas produtoras agrarias.

c) Incluír cláusulas contractuais encamiñadas a reducir ao mínimo os residuos alimentarios e de envases de alimentos.

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

d) Aplicar criterios de selección ás persoas provedoras fundamentados na aplicación de medidas de xestión ambiental adecuadas".

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
José Luis Carbarcos Corral

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 18/09/2022 10:42:53

CVE: NU3q9oTUB6o9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve